



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

D. Daniel Angel Lamas Bello, Secretario do Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra)

CERTIFICO

Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 29 de xuño de 2017, adoptou entre outros o acordo que transcrito literalmente di:

“4.- INFORMES DE SERVICIOS.

4.1.- Dáse conta do expediente de licitación do servizo de “XESTIÓN DO AUDITORIO DO CENTRO SOCIOCULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS” e se informa que a adxudicación se pretende por procedemento negociado sen publicidade por razón da cuantía, que a Mesa de Contratación propuxo a adxudicación á entidade CON DE TRES PES SL, por un importe de 71.268,00 euros e 14.966,28 en concepto de IVA, cun total de 86.234,28 euros, e un prazo de duración de dous anos, e que unha vez cualificadas e ordenadas as proposicións presentadas a citada entidade presentou a documentación a que fai referencia o artigo 151.2 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.


Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos os membros da Xunta de Goberno Local:

- 1.- Adxudicar a servizo de “XESTIÓN DO AUDITORIO DO CENTRO SOCIOCULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS”, á entidade CON DE TRES PES SL, con CIF nº nº B-70.374.327, por un importe de 71.268,00 euros e 14.966,28 en concepto de IVA, cun total de 86.234,28 euros, e un prazo de duración de dous anos
- 2.- Autorizar ó Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do correspondente contrato.
- 3.- Dar traslado do presente acordo á empresa adxudicataria e ás demais participantes na licitación, ós efectos oportunos.
- 4.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante do Concello de A Illa de Arousa.””

Para que así conste, ós efectos oportunos, expido o presente por orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente e ca salvedade do artigo 206 do ROF, na Illa de Arousa, a 29 de xuño de 2017.

Vº e Prace
ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. Carlos Iglesias Cores



O SECRETARIO

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello

